

A cova do Moraig.

Preto do pobo de Benitaxell, na comarca da Mariña Alta, os cantís caen en ángulo recto sobre o mar. As rochas albergan abondosas fallas e diaclasas/gretas, entre as que corre o río subterráneo do Moraig, que atopa aquí o mar.

E atópao porque a forza da auga e o vento abriron cavidades e salas que conforman a cova do Moraig. Disque xa a coñecían os fenicios, que collían auga doce do seu interior.

Á cova pódese entrar desde terra firme, entre palmitos que inzan os cantís. Pero non é a única entrada.

A cova e o mar sucédense unha ao outro. A auga flúe, e os organismos non distinguen fronteiras. Alí onde a luz, a salinidade e a temperatura sexan adecuadas, proliferarán e medrarán.

Nas cavidades créanse correntes. Achegan o alimento e o osíxeno; son imprescindibles. Pero tamén empurran, arrastran, axitan, e fan que as follas de Posidonia, as algas *Asparagopsis* e os tentáculos do cerianto semellen cabeleiras.

Pólipo, estrelas... Poderosos crustáceos, fráxiles algas... non hai ser vivo submarino que escape ás correntes. Polo menos na parte da cova do Moraig que se abre ao mar.

A cova ten varias salas, de alturas e fonduras diversas; todas ben coñecidas por espeleólogos e submarinistas. Son 125 metros de percorrido, sen demasiadas complicacións, pero non tan sinxelos como para se confiar. Nas covas é doado perder a orientación, non saber por onde se entrou nin cómo sair.

A do Moraig non é unha excepción. Desde o sifón que hai que atravesar ao entrar por terra, non é doado imaxinar os ocos que debuxa, as luces que deixa pasar e a súa saída a mar aberto; percorridos que os estraperlistas coñeceron ben.

A sala do lago azul é unha delas. Os raios do Sol penetran verticais e provocan xogos de luces e sombras, tons azuis irisdiscentes, que semellan saídos de outro mundo. Este lago comunica coa sala dos Mergulladores, cara ao norte, e coa zona do Labirinto, cara ao sur.

Desde o lago alcázase a chamada Foia de les Coves por un tubo de uns 10 metros. E tamén ten saída ao mar aberto.

Non por ben coñecida deixa de ser perigosa a cova do Moraig. Houbo quen aquí esqueceu que co mar non hai que se medir, e xa nunca chegou a seguir a dirección desas burbullas que indican onde está o aire fresco. Non sempre é doado seguir o rumbo da vida.

Os cabos-guía marcan o camiño de saída, para quen se teña perdido, para quen queira voltar. Os que aquí ficaron na cova do Moraig, xa non o poderán facer.